

# XOSÉ FÉLIX SOAXE VILARIÑO

Naceu en Cangas no ano 1844 e morreu en Bos Aires no 1924.

Emigrou a Arxentina en 1858. Alí traballou e conseguiu fortuna.

Filántropo importante, Cangas débelle a reconstrución da Praza de Abastos, destruída polo temporal en 1894. Ao seu cargo pavimentáronse Os Barreiros (detrás da Igrexa), fíxose unha traída de augas, reparouse o tellado da Igrexa incluíndo a doazón do órgano, ademais de atender moitas necesidades particulares.



En 1924 concédeselle a título póstumo a Cruz de Beneficencia. O Pobo de Cangas correspondeulle sempre con agradecemento, especialmente na manifestación popular de Marzo de 1924 e na construción dun monumento pagado por subscrición

popular, que se lle adicou nun lugar privilexiado da vila, e encargado ao escultor Asorey.

(Información atopada na tenda "A cova da Laxe", e na Biblioteca da Escola)



Traballo elaborado por Dario Otero e Oscar Rosón.